

EXPEDIENTE	2024024505
ASUNTO	AMPLIACIÓN DE CARGOS CO RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL E MODIFICACIÓN DA RPT DE PERSOAL EVENTUAL
TRÁMITE	INFORME CONXUNTO DO SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN, SECRETARÍA E INTERVENCIÓN

ANTECEDENTES

1º.- Proposición da Presidencia pola que se somete ao Pleno da Corporación Provincial unha ampliación da relación de cargos co réxime de dedicación exclusiva e parcial, a determinación das súas retribucións e a creación dun novo posto de persoal eventual.

2º.- En dita proposta contéplase o número de cargos, importe das retribucións e réxime dedicacións, así como a creación dun posto de administrativo/a na relación de postos de traballo de persoal eventual, de confianza e asesoramento especial.

3º.- O número de cargos públicos que existen neste momento na Deputación provincial en réxime de dedicación, incluídos estes de nova creación, e a súas retribucións non exceden dos límites previstos nos artigos 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), sendo inferior ao que lle corresponde, que ascende a un total de 18.

4º.- Do mesmo xeito, o número de postos de persoal eventual, que ascende a un total de 26 incluído este de nova creación, non supera o límite contemplado no artigo 104 bis da LRBRL, sendo inferior ao que lle corresponde polo tramo asignado ás Corporacións do Municipio máis poboado da Provincia (máximo 27).

5º.- O custo laboral total que deriva da asignación destas dedicacións, así como do incremento dun posto na RPT de persoal eventual, recóllese no seguinte cadro:

Custo total por 8 meses	Retribución anual	Retribucións 8 meses	Seg. social 8 meses	Total 8 meses 2024
1 Dedicación exclusiva	69.541,13 €	45.551,07 €	15.022,74 €	60.573,81 €
1 Dedicación parcial do 50%	34.770,57 €	22.775,54 €	7.511,37 €	30.286,91 €
1 Posto de Persoal eventual administrativo/a	31.310,00 €	20.508,79 €	6.501,29 €	27.010,08 €

Nas aplicacións orzamentarias correspondentes a altos cargos 24/900.9120.100.00 e 24/900.9120.160.01, así como nas destinadas a persoal eventual 24/912.9120.110.01 e



24/912.9120.160.02 existe crédito suficiente para afrontar o pago do custo salarial total dos seguintes 8 meses do ano 2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1º.- Segundo o disposto no artigo 75 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e artigo 13 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das Entidades Locais (ROF), os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pagamento das cotas empresariais que corresponda. A súa percepción será incompatible con calquera outra retribución con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes.

O recoñecemento da dedicación exclusiva a un membro da Corporación esixirá a dedicación preferente do mesmo ás tarefas propias do seu cargo, sen prexuízo doutras ocupacións marxinais que, en calquera caso, non poderán causar detrimento á súa dedicación á Corporación. No caso de que tales ocupacións sexan remuneradas requirirase unha declaración formal de compatibilidade por parte do Pleno da entidade local.

O Pleno corporativo, a proposta do Presidente, determinará, dentro da consignación global contida para tal fin no orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva e, por tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade. O nomeamento dun membro da Corporación para un destes cargos só supoñerá a aplicación do réxime de dedicación exclusiva se é aceptado expresamente por aquel, en cuxo caso esta circunstancia será comunicada ao Pleno da seguinte sesión ordinaria.

Os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva a estas, en cuxo caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda. As devanditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, se é o caso, nas Leis de Presupostos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparellada esta dedicación parcial e das retribucións destes, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións.



Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva, terán dereito a recibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que neste sentido aprobe o Pleno corporativo.

As Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias que correspondan, dentro dos límites que con carácter xeral se decreten, no seu caso. Estas deberán publicarse integramente no "Boletín Oficial" da Provincia e taboleiro de anuncios da Corporación.

2º.- Tal e como establece o artigo 75 bis, do referido texto legal, os membros das Corporacións Locais serán retribuídos polo exercicio do seu cargo nos termos sinalados no apartado anterior. Nos orzamentos xerais do Estado determinarase, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, atendendo, entre outros criterios, á natureza da Corporación local e a súa poboación segundo a táboa que se detalla neste artigo.

Concretamente, a disposición vixésimo sétima da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de presupostos xerais do Estado (LPXE) para o 2023, marca o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que, no seu caso, teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren na situación de servicios especiais, que será o que se recolle na seguinte táboa, atendendo a súa poboación:

Habitantes	Referencia Euros
Más de 500.000.	116.160,05
300.001 a 500.000.	104.544,03
150.001 a 300.000.	92.928,03
75.001 a 150.000.	87.120,59
50.001 a 75.000.	75.504,62
20.001 a 50.000.	63.888,61
10.001 a 20.000.	58.080,05
5.001 a 10.000.	52.272,61
1.000 a 5.000.	46.464,02

3º.- A través da lei 20/2013, de 27 de decembro, límitase o número dos cargos públicos das Entidades Locais con dedicación exclusiva, que deberá axustarse ó previsto no citado artigo 75



ter, no que se recolle o número máximo de membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva nas Deputacións provinciais será o mesmo que o do tramo correspondente á Corporación do municipio máis poboado da súa provincia, é dicir: "*nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 100.001 e 300.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva **non excederá de dezaoito***".

O número das dedicacións parciais non está limitado, así mesmo, tampouco se establece cal é a porcentaxe máxima de dedicación das mesmas, pero sobre esta última cuestión hai algúns pronunciamentos xudiciais nos que se establece como límite un máximo do 75 por cento da dedicación exclusiva.

4º.- Respecto ó persoal eventual, o artigo 89 da LRBRL dispón que o persoal ó servizo das Entidades locais estará integrado por funcionarios de carreira, contratados en réxime de Dereito laboral e persoal eventual que desempeña postos de confianza ou asesoramento especial.

5º.- A súa vez o artigo 33.2 f) da LRBRL atribúe ó Pleno da Deputación a aprobación do cadro de persoal, a relación de postos de traballo e a determinación do número e réxime do persoal eventual.

6º.- Ademais, o artigo 104 da referida Lei 7/85 indica que o número, características e retribucións do persoal eventual determinárase polo Pleno de cada Corporación, ó comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos Orzamentos anuais, entendéndose incluídas tamén o das súas modificacións. O nomeamento e o cesamento destes funcionarios é libre e corresponde ó Alcalde ou ó Presidente da entidade local correspondente. Cesan automaticamente en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou de asesoramento. Os nomeamentos de funcionarios de emprego, o réxime das súas retribucións e a súa dedicación publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e, no seu caso, no propio da Corporación.

7º.- No mesmo sentido, o artigo 176 do Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) remítese ó establecido no artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril respecto ó persoal eventual, sinalando que estes postos deberán figurar no cadro de persoal da Corporación. Subliña, ademais, que poderán ser desempeñados por persoal eventual determinados postos de traballo de carácter directivo, incluídos na relación de postos de traballo da Corporación, de acordo co que dispoñan as normas que dite o Estado para a súa confección. Nestes supostos, o



persoal eventual deberá reunir as condicións específicas que se esixan ós funcionarios que poidan desempeñar ditos postos.

8º.- O artigo 12 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP), considera persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, so realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo ós créditos orzamentarios consignados para este fin. As leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento deste Estatuto determinarán os órganos de goberno das Administracións Públicas que poderán dispoñer deste tipo de persoal. O número máximo establecerase polos respectivos órganos de goberno. O seu nomeamento e cesamento serán libres. O cesamento terá lugar, en todo caso, cando se produza o da autoridade á que se lle preste a función de confianza ou asesoramento. Ademais, apunta no apartado 4 que a condición de persoal eventual non poderá constituír mérito para o acceso á Función Pública ou para a promoción interna, e que o persoal eventual lle será aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

9º.- A última regulación sobre o réxime xurídico, nomeamento e cesamento deste persoal aparece na Lei 2/2015, do emprego público de Galicia (LEPG). Segundo o disposto no artigo 29 ten a condición de persoal eventual aqueles que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, so realizan funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, retribuídas con cargo ós créditos orzamentarios consignados para este fin. Ós efectos previstos neste artigo, enténdese por funcións de confianza ou asesoramento especial aquelas nas que concorran as seguintes circunstancias:

- a) Asesoramento vinculado o desempeño e formulación de estratexias e propostas de actuación ou difusión no ámbito das competencias da autoridade que efectuou o nomeamento, o apoio que supoña unha colaboración de carácter reservado.
- b) Non estar reservadas a persoal funcionario.
- c) Especial dedicación e dispoñibilidade horaria.

Signala, ademais, que o persoal eventual en ningún caso pode realizar actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico nin ningunha das funcións que corresponden ó persoal funcionario de carreira.

Ó igual que na normativa citada anteriormente, no artigo 30 tamén se recolle que o nomeamento do persoal eventual é libre e o cesamento corresponde ós mesmos órganos competentes para o seu nomeamento e prodúcese pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- a) Libre decisión da autoridade que efectuou o nomeamento.



- b) Cesamento da autoridade que efectuou o nomeamento. Neste caso, o cesamento do persoal eventual prodúcese de forma automática co cesamento de dita autoridade.
- c) Renuncia.

Respecto ó réxime xurídico, o artigo 31 do referido texto legal precisa que a este persoal lle será de aplicación, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do persoal funcionario de carreira.

O mencionado nestes artigos reproducése no artigo 201, incluído no título décimo, relativo ás especialidades do persoal ao servizo das entidades locais.

10º.- Finalmente, cabe destacar que o artigo 104 bis da LRBRL vén a ampliar a regulación existente do persoal eventual, engadindo no apartado 4 de dito artigo que o persoal eventual terá que asignarse sempre ós servizos xerais das Entidades Locais en cuxo cadro de persoal apareza consignado, aínda que, excepcionalmente, poderán asignarse, con carácter funcional, a outros dos servizos ou departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectise expresamente o seu Regulamento Orgánico.

En canto o número de postos de traballo de persoal eventual nas Deputacións introdúcese como novidade que será o mesmo que o do tramo correspondente ó da Corporación do Municipio máis poboado da Provincia (sendo Vigo o máis poboado, situado nun tramo de entre 75.001 y 500.000, ten como límite o número de concelleiros da Corporación, que na Deputación ascende a 27).

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co disposto nos artigos 75 e 75 bis da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), 225 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 13 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF); así como artigos 176 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), e 104 e 104 bis da LRBRL, con respecto ao persoal eventual, **ACÓRDASE:**

PRIMEIRO: Modificar a relación de cargos da Corporación Provincial co réxime de dedicación exclusiva e parcial para incluír os seguintes:



Grupo Político	CARGO	Nº	% Dedicación	RETRIBUCIÓN ANO	RETRIBUCIÓN 01/05/2024-31/12/2024	Costo Patronal 01/05/2024-31/12/2024
PSOE	Dedicación exclusiva	1	100%	69.541,13 €	45.551,07 €	15.022,74 €
PSOE	Dedicación parcial	1	50%	34.770,57 €	22.775,54 €	7.511,37 €

A asignación destas dedicacións terán efectos dende a data de aceptación dos cargos.

Os nomeamentos dos membros da Corporación para estes cargos deberán ser aceptados expresamente, tal e como dispón o citado artigo 13 do ROF. De ser así terá que comunicarse esta circunstancia ó Pleno na seguinte sesión ordinaria.

O custo total do período comprendido entre o 01/05/2024 e o 31/12/2024 ascende a 68.326,61 € en concepto de retribucións e a 22.534,11 € en concepto de seguridade social, cantidades que se imputarán ás aplicacións orzamentarias 24/900.9120.110.00 e 24/900.9120.160.01.

Unha vez aprobado o réxime destas novas dedicacións, corresponde ó Presidente o nomeamento dos membros da Corporación que pasarán a desempeñar os devanditos cargos.

Este acordo será publicado na forma prevista no apartado 5 do artigo 75 da LRBRL, e no portal de transparencia da Deputación, en cumprimento do estipulado no artigo 8.1 f) da Lei 19/2013 de 9 de decembro.

SEGUNDO: crear un posto de traballo de administrativo/a na RPT de persoal eventual, de confianza e asesoramento especial, nos termos que se detallan no seguinte cadro, en consideración ao previsto no artigo 176 do TRRL, artigos 104 e 104 bis da LRBRL, artigo 12 do TRLEBEP, e artigo 29 a 31 e 201 da LEPG:

Nº	CARGO	GR	Retribución Anual	Retribución 8 meses	Coste Patronal: 8 meses
1	Administrativo/a (PSOE)	C1	31.310,00 €	20.508,79 €	6.501,29 €

O custo salarial total para este ano 2024, por oito meses, ascende a 20.508,79 € en concepto de retribucións, e 6.501,29 € en concepto de seguridade social, cantidades que se imputaran ás aplicacións orzamentarias 24/912.9120.110.01 e 24/912.9120.160.02.

Nas resolucións de nomeamento indícase o contido das funcións, tarefas ou labores encomendadas, propios dos servizos xerais da Corporación Provincial para a súa posterior inclusión na relación de postos de traballo da Corporación.



Esta retribución será actualizada en función do establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano.

Este acordo será publicado na forma prevista no apartado 5 do artigo 104 bis da LRBRL, e no portal de transparencia da Deputación en aplicación do artigo 8.1 f) da Lei de transparencia.

O nomeamento do persoal eventual, tamén serán obxecto de publicación nos lugares que se determinan no apartado anterior.

Por último, o presidente da Deputación informará ó Pleno con carácter trimestral do número, características e retribucións do persoal eventual.

Asinado dixitalmente ao marxe
A xefa do Servizo de RRHH e F.

O secretario

O interventor

